

D^a MARTA GARCÍA PÉREZ, Directora da Asesoría Xurídica Municipal, por orde do Sr. Alcalde-Presidente do Concello da Coruña, **D. XULIO XOSÉ FERREIRO BAAMONDE**, como mellor proceda en dereito **DIGO**:

1º. En data 5 de setembro de 2017 o medio de comunicación “La Voz de Galicia” publica na primeira páxina da Sección de “Local” unha **información non veraz que debe ser rectificadada, ben sexa porque non se axusta á realidade ou ben porque, por incompleta ou inexacta, induce a erro á persoa destinataria.**

A información compréndese na seguinte noticia:

<<El gobierno local de A Coruña cede la cárcel a un colectivo con decenas de cargos y militantes de la Marea

Proxecto Cárcere incluye a tres ediles y dos asesores del gobierno local, un diputado de En Marea y otros

El gobierno local de A Coruña cederá la gestión de la antigua cárcel provincial al colectivo Proxecto Cárcere, según confirmó el concejal de Rexeneración Urbana, Xiao Varela, este sábado y ayer reiteró el de Culturas, José Manuel Sande. Proxecto Cárcere es una plataforma que pretende la «activación e recuperación do antigo cárcere da Coruña». Entre sus componentes figura el propio Xiao Varela, entre decenas de militantes, cargos electos y orgánicos de la Marea Atlántica y otros partidos políticos afines. Esas conexiones empiezan dentro del propio gobierno local. Además de Varela, entre los integrantes de la plataforma también figuran las concejalas Rocío Fraga (Igualdade e Seguridade Cidadá) y María García (Medio Ambiente). También forma parte de Proxecto Cárcere el jefe de gabinete del alcalde, Iago Martínez, uno de los fundadores de Marea Atlántica y miembro de En Marea encuadrado en el sector crítico con Luis Villares, portavoz de esa formación gallega. Hay otra asesora más del gobierno local en el listado de componentes de Proxecto Cárcere. Se trata de Natalia Balseiro, consejera de la edila de Participación, Claudia Delso. Según las bases del concurso por el que se adjudicó la gestión cárcel, los miembros de la comisión que valoraron esos proyectos, y que decidieron que el de Proxecto Cárcere era el mejor, fueron «designados mediante resolución da concelleira delegada de Participación».

También figuran como miembros de Proxecto Cárcere Alfonso Mascuñana, Antón Fernández de Rota y Pablo Leira Canedo, que formaron parte de la candidatura de la Marea en las elecciones municipales del 2015.

Otro tanto ocurre con Mariano Fernández Cabarcos, militante de la Marea y, como Iago Durán, miembro de En Marea del sector crítico con Luis Villares. Lo mismo pasa con Antón Gómez-Reino, que es diputado en el Congreso por la provincia de A Coruña por En Marea. Esa formación concurren coaligada con Podemos a las últimas elecciones generales. En A Coruña, Podemos se integró en la Marea Atlántica en las municipales del 2015. Su secretaria general en la ciudad, Isabel Faraldo, también es miembro de Proxecto Cárcere. En total, la plataforma cita en su web a 154 miembros, tanto ciudadanos particulares como colectivos. Entre los últimos hay varios vinculados a militantes de la Marea, como Ergosfera -con la que colaboraron Xiao Varela o Gómez-Reino- o Nomepisesofreghao, un colectivo feminista con el que colaboró Rocío Fraga.

Entre los particulares hay numerosos firmantes del manifiesto de la Marea. Entre los 40 primeros, excluidos los colectivos y los candidatos y cargos antes citados, hay 11 militantes de la formación que gobierna la ciudad. Por el momento se desconocen los detalles concretos de la concesión de la prisión a Proxecto Cárcere. La resolución del gobierno local sobre el concurso para gestionar el edificio no se ha hecho pública. Se sabe que ganó ese colectivo por las declaraciones de Sande y Xiao Varela, que anunció el resultado del concurso un día después de que se supiese que en la antigua prisión, cedida al Ayuntamiento por Interior desde enero, había botellones después de que el gobierno local retirase la vigilancia. También se sabe que la cesión será de un año prorrogable con acuerdo del Ayuntamiento, y que Proxecto Cárcere hará actividades culturales, artísticas y lúdicas.

La victoria de la plataforma no ha sorprendido. La portavoz del PP, Rosa Gallego, tras ver las bases del concurso, acusó a la Marea de «autoadjudicarse» el edificio y vaticinó que ganaría Proxecto Cárcere; que en enero -antes de que se convocase el concurso- ya entregó una propuesta de usos al Ayuntamiento>>.

2º. A información publicada debe rectificarse por canto **contén información falsa** que, ademais de violentar o dereito á información veraz, é susceptible de xerar danos ao honor das persoas afectadas. A continuación sinálanse as afirmacións non veraces, coa conseguinte xustificación da pertinencia da rectificación:

- No titular da noticia sinálase que **“El gobierno local de A Coruña cede la cárcel...”**, idea que se repite ao comezo do texto: **“El gobierno local cederá la gestión de la antigua cárcel provincial ...”**.

A información non é certa.

O Goberno local non vai ceder o cárcere. Tal e como figura no BOP do día 24 de maio de 2017, no que se publican as “Bases reguladoras da convocatoria para a cesión de uso de espazos no antigo cárcere provincial da Coruña para o desenvolvemento de proxectos de dinamización cultural e sociocultural, mediante concorrencia competitiva”, o obxecto da convocatoria realizada por Resolución da Concelleira de Participación e Innovación Democrática é “a cesión de uso de espazos” do cárcere, limitados e acotados nun anexo da propia convocatoria. E mesmo nese limitado espazo, a cesión de uso está destinada ao “desenvolvemento dun proxecto de dinamización de actividades de carácter cultural, artístico, educativo, sociocultural e lúdico, sen fins comerciais e/ou lucrativos”, tal e como se especifica e se desenvolve na base 6 das Bases publicadas no BOP, na que se indica, así mesmo, a reserva do dereito do Concello a utilizar os espazos para programación de actividades propias previa a correspondente coordinación.

Pese a elo, *La Voz de Galicia* dá conta da decisión da Administración local de contar coa asociación sen ánimo de lucro Proxecto Cárcere para “o desenvolvemento de proxectos de dinamización cultural e sociocultural” nas zonas rehabilitadas do antigo cárcere da Torre baixo dúas premisas falsas: nin esta asociación se vai facer cargo da “xestión” do edificio, cuestión que non formaba parte da convocatoria, nin o inmovible, que segue a ser de titularidade estatal (Sociedade de Infraestruturas

e Equipamentos Penitenciarios, SIEP) e dependente do Ministerio de Interior, lle vai ser “cedido” a ningún.

- Tras o titular, figura a seguinte información: ***“Proxecto Cárcere incluye a tres ediles y dos asesores del gobierno local...”***, que se completa no texto da noticia, sinalándose o seguinte: ***“Entre sus componentes figura el propio Xiao Varela, entre decenas de militantes, cargos electos y orgánicos de la Marea Atlántica y otros partidos políticos afines. Esas conexiones empiezan dentro del propio gobierno local. Además de Varela, entre los integrantes de la plataforma también figuran las concejales Rocío Fraga (Igualdade e Seguridade Cidadá) y María García (Medio Ambiente). También forma parte de Proxecto Cárcere el jefe de gabinete del alcalde, Iago Martínez, uno de los fundadores de Marea Atlántica y miembro de En Marea encuadrado en el sector crítico con Luis Villares, portavoz de esa formación gallega. Hay otra asesora más del gobierno local en el listado de componentes de Proxecto Cárcere. Se trata de Natalia Balseiro, consejera de la edila de Participación, Claudia Delso”***.

A información non é certa.

O texto resaltado relaciona directamente a cargos electos do grupo de goberno do Concello da Coruña, así como a outras persoas que realizan tarefas de apoio ao executivo, coa asociación adxudicataria, cualificándoos de “compoñentes” ou “membros” da mesma. A información, novamente, non é veraz, e segundo puido saber esta Asesoría Xurídica, tampouco foi contrastada co Concello da Coruña. A asociación Proxecto Cárcere non conta nin entre os seus “membros” nin na súa directiva con ningunha das persoas aludidas por La Voz de Galicia: nin as concelleiras Rocío Fraga e María García, nin o edil Xiao Varela son “membros” nin asociados da entidade, como tampouco o son o xefe de gabinete de Alcaldía, Iago Martínez, nin a asesora da Concellería de Participación de Innovación Democrática, Natalia Balseiro. Nos estatutos inscritos o pasado 28 de febreiro de 2017 no Rexistro Social de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia constan debidamente identificadas as sete persoas que forman parte da súa directiva e ostentan a súa representación. Ningunha delas forma parte do goberno municipal da Coruña. A única persoa que nalgún momento formou parte da asociación foi Rocío Fraga, e deixou de facelo en setembro de 2016.

O texto indica que os nomes das persoas relacionadas co grupo de goberno do Concello da Coruña foron “extraídos do apartado ‘quen somos’ da web Proxecto Cárcere”. Esta información, segundo puido saber o Concello, non se actualiza aproximadamente dende o ano 2010, e en ningún caso reflicte a pertenza a esta entidade. É unha relación de persoas e colectivos que no seu momento amosaron dun xeito ou outro o seu apoio á recuperación para o uso público das dependencias da antiga prisión provincial.

A día de hoxe, ningún membro do Goberno local forma parte da asociación Proxecto Cárcere.

Por iso, é falso afirmar que as persoas citadas expresamente como parte do goberno municipal da Coruña son “compoñentes” ou “membros” de Proxecto Cárcere e procede a rectificación da información.

- Finalmente, a noticia publicada falta á verdade por omisión. Omite información esencial, á que o autor tiña acceso porque está publicada (no BOP e na web municipal): omite sistematicamente que a asociación sen ánimo de lucro Proxecto Cárcere participou nun concurso público en igualdade de condicións con respecto a calquera outra entidade, e que para resultar adxudicataria deste contrato tivo que presentar, e así o fixo, un proxecto de dinamización. Este proxecto foi avaliado, someténdose ás bases aprobadas e publicadas no seu día, por unha comisión técnica formada por funcionarios e funcionarias do Concello da Coruña. O fallo desta comisión é do pasado 3 de agosto.

3º. Polo exposto, e en cumprimento do disposto na Lei orgánica 2/1984, de 26 de marzo, reguladora do dereito de rectificación, requírese a ese diario para que proceda a publicar o seguinte texto de rectificación, con relevancia semellante a aquela en que se publicou ou difundiu a información que se rectifica, sen comentarios nin apostillas:

<< O Concello exíselle a La Voz de Galicia unha rectificación tras vincular a cargos do goberno local coa entidade sen ánimo de lucro que dinamizará o antigo cárcere provincial

En contra do publicado por este medio, declara que nin concelleiros nin concelleiras nin persoal de apoio do executivo municipal figuran entre os membros da asociación Proxecto Cárcere

Nun escrito dirixido á dirección deste diario no día de onte, o Alcalde solicita que se transcriba íntegramente o seguinte texto, en exercicio do dereito de rectificación garantido pola Lei orgánica 2/1984, de 26 de marzo:

<<O Concello da Coruña esíxelle a *La Voz de Galicia* unha rectificación do texto publicado o pasado martes 5 de setembro de 2017 baixo o título “El gobierno local cede la cárcel a un colectivo con decenas de cargos y militantes de Marea”, ante a falta de veracidade ou a falsidade de moitas das súas afirmacións, a inexactitude dos datos e as omisións, graves, de certos aspectos de relevancia. Nin o goberno municipal cede o antigo cárcere, posto que é de titularidade estatal, nin hai no executivo nin no seu equipo de apoio persoas que sexan ao mesmo tempo “membros” da entidade sen ánimo de lucro (característica que se oculta ao lector) que dinamizará as súas actividades cando se abra, por fin, á cidadanía. Ademais, nin a persoa que asina nin ningunha outra na súa representación ou na do medio que publica a presunta información se puxeron en contacto co Concello da Coruña para pedir ou contrastar información antes de publicala.

Aparentemente, *La Voz de Galicia* dá conta da decisión da Administración local de contar, tras un concurso público cuxas bases foron aprobadas o pasado 18 de maio e difundidas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña seis días máis tarde, coa asociación sen ánimo de lucro Proxecto Cárcere para “o desenvolvemento de proxectos de dinamización cultural e sociocultural” nas

zonas rehabilitadas do antigo cárcere da Torre. Faino, non obstante, baixo dúas premisas falsas: nin esta asociación se vai facer cargo da “xestión” do edificio, cuestión que non formaba parte da convocatoria, nin o inmovible, que segue a ser de titularidade estatal (Sociedade de Infraestruturas e Equipamentos Penitenciarios, SIEP) e dependente do Ministerio de Interior, lle vai ser “cedido” a ninguén.

Por outro lado, o texto relaciona directamente a cargos electos do grupo de goberno do Concello da Coruña, así como a outras persoas que realizan tarefas de apoio ao executivo, coa asociación adxudicataria, cualificándoos de “compoñentes” ou “membros” da mesma. A información, novamente, non é veraz. A asociación Proxecto Cárcere non conta nin entre os seus “membros” nin na súa directiva con ningunha das persoas aludidas por *La Voz de Galicia*: nin as concelleiras Rocío Fraga e María García, nin o edil Xiao Varela son “membros” nin asociados da entidade, como tampouco o son o xefe de gabinete de Alcaldía, Iago Martínez, nin a asesora da Concellería de Participación de Innovación Democrática, Natalia Balseiro. Nos estatutos inscritos o pasado 28 de febreiro de 2017 no Rexistro Social de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia constan debidamente identificadas as sete persoas que forman parte da súa directiva e ostentan a súa representación. Ningunha delas forma parte do goberno municipal da Coruña.

O texto asinado por Xosé V. Gago indica que os nomes das persoas relacionadas co grupo de goberno do Concello da Coruña foron “extraídos do apartado ‘quen somos’ da web Proxecto Cárcere”. Esta información, segundo puido saber o Concello, non se actualiza aproximadamente dende o ano 2010, e en ningún caso reflicte a pertenza a esta entidade. É unha relación de persoas e colectivos, seguramente menos dos que realmente había na cidade, que no seu momento amosaron dun xeito ou outro o seu apoio á recuperación para o uso público das dependencias da antiga prisión provincial e ao traballo de Proxecto Cárcere, sen o que hoxe non estaríamos onde estamos.

Por último, *La Voz de Galicia* omite sistematicamente que a asociación sen ánimo de lucro Proxecto Cárcere participou nun concurso público en igualdade de condicións con respecto a calquera outra entidade, e que para resultar adxudicataria deste contrato tivo que presentar, e así o fixo, un proxecto de dinamización que foi avaliado, someténdose ás bases aprobadas e publicadas no seu día, por unha comisión técnica formada por funcionarios e funcionarias do Concello da Coruña. O fallo desta comisión é do pasado 3 de agosto>>.

Polo anterior, e considerando o establecido na Lei orgánica 2/1984, de 26 de marzo, reguladora do dereito de rectificación, en tempo e forma

SOLICITO:

1º) Que se proceda á rectificación da referida información, procedendo a publicar integramente o texto que se inclúe no punto 3º deste escrito dentro dos tres días seguintes ao da recepción do presente escrito, con relevancia semellante a aquela na que se publicou ou difundiu a noticia que se rectifica, isto é, na primeira páxina da Sección de Local.

2º) Que se acuse recibo da recepción deste escrito e do seu contido no prazo e forma que regula a Lei orgánica 2/1984, de 26 de marzo, reguladora do dereito de rectificación.

A Coruña, a 6 de setembro de 2017



Marta García Pérez
Directora da Asesoría Xurídica